



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O
FOMENTO DA INVESTIGACIÓN E A REALIZACIÓN DE PROBAS DE
CONTROL DE CALIDADE DOS HIDROCARBUROS EN GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Enerxía e Minas formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de febreiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade da Coruña para o fomento da investigación no ámbito dos produtos petrolíferos e afíns (particularmente, combustibles e carburantes) e para a realización do control dos combustibles e carburantes á venda na Comunidade Autónoma, co fin de garantir a súa calidade, cumprindo, ao mesmo tempo, coas obrigas establecidas no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, en materia de mostraxe, análise e comunicación dos resultados en relación co control das especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, fuelóleos, gases licuados do petróleo e combustibles para uso marítimo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





O Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, establece no seu artigo sétimo que as Comunidades Autónomas adoptarán as medidas necesarias para controlar, mediante mostraxes, as especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, combustibles para uso marítimo e fuelóleos, comunicando á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, os resultados no caso de gasolinas, gasóleos, e fuelóleos, mentres que, en relación co contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, a comunicación efectuarase á Dirección Xeral de Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

Á marxe desta obriga legal, a Consellería de Economía, Emprego e Industria considera fundamental o control de todos os produtos petrolíferos á venda na Comunidade Autónoma co fin de garantir a súa calidade, para protexer aos consumidores e á sociedade en xeral.

A Universidade da Coruña dispón dun laboratorio de ensaio situado nas instalacións do Centro de Investigacións Tecnolóxicas en Ferrol, denominado Laboratorio de Combustibles (LABCOMB). O LABCOMB é o único laboratorio dentro da Comunidade Autónoma que conta coa acreditación ENAC contra a norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2005 como recoñecemento das competencias técnicas para a realización de ensaios de produtos petrolíferos (acreditación núm. 814/LE1688), e polo tanto conta cos recursos materiais, técnicos e humanos e a experiencia necesaria para facer fronte aos traballos marcados no Decreto 61/2006.

Así mesmo, tanto a Consellería de Economía, Emprego e Industria como a Universidade da Coruña consideran de interese común promover a cooperación para o desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galicia e entenden que a investigación no ámbito enerxético reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación co desenvolvemento da actividade económica, polo que se considera prioritaria como motor do progreso económico e social de Galicia.





A colaboración que se ven levando a cabo entre o LABCOMB e a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten posibilitado a formación e consolidación do grupo de investigación estable do “LABCOMB” permitindo a formación continua do seu persoal así como mellorar, continuar e ampliar as súas liñas de investigación. Así mesmo, a colaboración permite a formación de novos investigadores e de profesionais altamente cualificados en materia de ensaios de combustibles mediante a participación de xeito continuado nas tarefas de investigación e análise de estudantes de terceiro ciclo da Universidade da Coruña e mediante a realización de prácticas formativas por alumnos do ciclo medio de laboratorio. Esta actividade investigadora do LABCOMB reflíctese nunha ampla produción científica e investigadora e na realización e lectura de diversas teses doutorais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 24 de marzo de 2017.

